

## **MOCIÓN DE AER SOBRE ADOPCIÓN DE MEDIDAS CON RESPECTO A ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS**

PLENO 25 AGOSTO 2011. ACTA 16/2011

A estación depuradora de augas residuais ( EDAR) de Redondela foi construída para 24.000 habitantes, ademais como non dispón de medidas de separación das augas fecais e pluviais cando chove aparte de arrastrar máis área e terra, a gran cantidade de auga doce que chega a EDAR mata as bacterias que se utilizan para depurar a auga, e mentras non se repoñen todo ese tempo a auga pasa sen depurar. Todos estes erros de deseño fixo que estivese sempre a funcionar o máximo da súa capacidade, obrigando a verter miles de litros sen depurar todas as noites, este problema viuse agravado dende que comezaron as obras do AVE en San Estevo de Negros onde se produce o maior arrastre de áridos que chegan o río Maceiras, o que obriga a drenar polo exceso de area, producindo un dobre dano á veciñanza, o insoportable cheiro e a contaminación microbiolóxica que afecta a cría de moluscos na enseada de San Simón.

A EDAR de Redondela está incumprindo diferentes normas de protección ambiental e social, o Decreto 133/2008, que incide sobre as obras e instalacións consideradas molestas, insalubres, nocivas e perigosas, non tendo en conta que hai vivendas e centros de ensino a 200 metros, e dando lugar á concesión de autorizacións ilegais como a construción do paseo da marisma. A Directiva Hábitats que protexe a Enseada de San Simón cualificándoa como de lugar de importancia comunitaria, e finalmente a Directiva relativa á calidade esixida ás augas para a cría de moluscos.

A EDAR de Redondela carece dun colector polo que o longo do transcurso do río Alvedosa polo casco urbano pódese ver moreas de papel hixiénico, bolsas de plástico e incluso excrementos humanos.

**Polo exposto anteriormente EU e AER sometemos ao pleno do Concello os seguintes acordos:**

- **Soterramento total ou parcial da planta depuradora.**
- **Construción dun colector que recolla por unha parte do río Alvedosa as augas residuais.**
- **Dotar das medidas que separen as augas fecais e as pluviais.**

### **VOTACIÓN E ACORDO.-**

O sr. Alcalde di que ten pendente unha xuntanza co conselleiro de medio ambiente e un dos temas a tratar é, precisamente éste, polo tanto o máis oportuno sería esperar a ver o que resulta da mesma.

O concelleiro sr. Varela Couñago acepta a proposta do sr. alcalde, e en consecuencia a moción QUEDA SOBRE A MESA.